

Resolución reitoral pola que convocan Bolsas Santander – Microcredenciais, 1ª edición 2026

Os Estatutos da Universidade de Vigo, no seu artigo 100 establece que a universidade, en uso da súa autonomía, poderá outorgar títulos e diplomas para estudos distintos dos oficiais.

A *Lei orgánica do sistema universitario (LOSU)* incorpora como unha función básica das universidades a formación ao longo da vida e o fomento de programas de bolsas e axudas para esta formación. Entre as modalidades de ensino nas que se pode desenvolver a formación ao longo da vida están as microcredenciais.

A Universidade de Vigo ten subscrito un convenio co Banco Santander S.A. con data 24 de xullo de 2024 co obxecto de promover programas de bolsas dirixidos a colectivos universitarios encamiñados á mellora da empregabilidade e acceso a un emprego de calidade.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para o estudiantado matriculado en Microcredenciais para o curso 2025/2026 que serán xestionadas de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou, no que non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

O vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente

Alfonso Lago Ferreiro



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS SANTANDER – MICROCREDENCIAS 1ª EDICIÓN 2026**1. OBXECTO**

Esta convocatoria está prevista no Plan Estratéxico de Subvencións da Universidade de Vigo como acción destinada ao cumprimento do obxectivo “captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria” mediante o financiamento dunha parte dos prezos públicos de matrícula das microcredenciais incluídas no Plan de desenvolvemento de microcredenciais universitarias, no curso académico 2025/2026.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado maior de 18 anos que cumpra o requisito de estar admitido na seguinte microcredencial:

- Excel avanzado e análise de datos: dos fundamentos á integración con Power BI (docencia virtual) <https://cpfp.uvigo.gal/es/estudios/titulos-propios/id1172-3/>

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas que se establecen nesta convocatoria serán incompatibles con calquera outra da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta convocatoria irán con cargo á aplicación orzamentaria 2026 00FP 121D 482.99, sendo o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria de 32.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima será de 300 euros destinada ao pago da matrícula dunha microcredencial, a cal está suxeita á retención fiscal que estableza a normativa vixente nesta materia.

4. O pagamento da bolsa efectuarase unha vez comprobado o cumprimento das obrigas establecidas na base oitava, mediante pago en formalización.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. A solicitude realizarase no momento de formalización da matrícula da microcredencial escollendo a opción “bolsa santander”, sen necesidade de realizar ningunha outra xestión.

As persoas matriculadas con nacionalidade distinta á española, deberán achegar a documentación acreditativa da súa situación en España.

Así mesmo deberá inscribirse na plataforma do Santander <https://app.santanderopenacademy.com/es/program/microcredenciales-2026-i-edicion>



no Programa “Becas Santander-Microcredenciales 2026”.

2. O prazo de solicitude será o prazo de matrícula da microcredencial ou posibles ampliacións.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Sempre que se cumpran os requisitos esixidos e exista orzamento dispoñible, as axudas entenderanse concedidas coa formalización da matrícula, sen necesidade dun trámite administrativo adicional, en función da orde de formalización de matrícula.

A efectos de notificación a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle cada trimestre ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente a proposta de concesión, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do fin do prazo de matrícula.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas e a súa contía, a listaxe de solicitudes denegadas , a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual ([formulario renuncia](#)) e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento.

As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deberán estar matriculadas e asistir ao 80% das clases síncronas programadas.

As persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
2. A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.



A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano que concede xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)

